

8.5.18| Estadías nas residencias de tempo libre

Normativa:

- **Decreto 84/2012 do 16 de febreiro**, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.(DOG nº 44 do 02/03/2012). Modificado polo **Decreto 65/2016, do 2 de xuño** (DOG nº 112 do 14/06/2016)
- **Orde do 17 de abril de 2018 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de estadías e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2018.** (DOG nº 78 do 23/4/2018)

Obxecto:

Adxudicación de estadías e servizos nas residencias de tempo libre de Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense)

Persoas destinatarias:

- Persoas maiores de idade ou menores sempre que vaian acompañados dos seus proxenitores ou titores legais, que teñan a súa residencia en territorio español.
- Galegos e galegas residentes no exterior.

Non se admitirán as solicitudes que inclúan persoas que gozasen dalgunha quenda na mesma residencia nalgún dos dous anos anteriores.

Tipos de servizo:

1. Servizo de residencia: aloxamento e mantenza en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada.
2. Servizos para non residentes: Poderán gozar do servizo de comedor os familiares e amigos dos residentes que visiten a instalación segundo as normas de provisión de prazas que determine o/a director/a de cada residencia e sen prexuízo da prioridade que se outorgue e se garanta ás persoas aloxadas.

Quendas

Cada unidade familiar poderá solicitar estadías para calquera das dúas residencias de tempo libre adscritas á Consellería de Política Social e para unha ou varias quendas. Non obstante, non se adxudicarán prazas por máis dunha quenda durante a tempada de verán.

Documentación:

- **Solicitudel Presentación electrónica na sede.** Non se admitirán as solicitudes que inclúan persoas que gozaron dalgunha quenda na mesma residencia nalgún dos dous anos anteriores.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso (de non ser expedida pola C.A de Galicia)
- No caso de solicitantes da quenda de familias numerosas: fotocopia do libro de familia (de non ser expedido ou renovado pola C.A. de Galicia)
- No caso de persoas solicitantes da quenda de familias acolledoras: copia da resolución administrativa de acollemento (de tratarse dun acollemento formalizado por outra comunidade autónoma).
- No caso de familias monoparentais, copia do libro de familia e certificado de empadramento da unidade familiar.

Lugar de presentación:

- Preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> **Presentación electrónica na sede.**
- Nos lugares dispostos na normativa de procedemento administrativo.

Prazo de presentación:

Ata o 8 de maio de 2018.

Adxudicación de prazas

Efectuarase por **sorteo de datas o día 9 de maio de 2018, ás 10.00 horas** na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social (San Caetano s/n, Santiago de Compostela)

Sen prexuízo de que poderán solicitar calquera outra das datas que se recollen no anexo II:

- Reservarase a primeira quenda do mes de agosto en ambas as dúas residencias para as familias numerosas.
- Reservarase a última quenda do mes de xullo en ambas as dúas residencias para as familias acolledoras
- Reservarase a segunda quenda do mes de xullo en ambas as dúas residencias para as familias monoparentais.

As prazas das quendas reservadas que non se cubran incluíranse na quenda xeral. As familias acolledoras, numerosas e monoparentais que se presenten a unha quenda distinta da reservada para elas non terán ningunha preferencia.

Non se adxudicarán prazas por máis dunha quenda durante a tempada de verán na mesma residencia.

O día O día 5 de xuño de 2018 publicarase a relación das persoas beneficiarias coas estadías e quendas adxudicadas nas páxinas web <https://www.xunta.gal/politica-social> e www.familiasgalegas.org

Pagamento do prezo da estadía.

As persoas beneficiarias realizarán un depósito de 30 € por cuarto en concepto de reserva, no prazo de 5 días desde a recepción da confirmación da reserva por parte da residencia, e outro depósito pola cantidade restante ata completar a totalidade do prezo da estadía, 15 días antes do inicio da quenda adxudicada.

[Imprimir](#)